

INFORMACIÓN SOBRE XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE RESERVA PARA CENTROS ADSCRITOS E DE ADMISIÓN PARA ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA , ESO E BACHARELATO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

SOLICITUDE DE RESERVA PRAZO ABERTO DO 15 DE XANEIRO AO 5 DE FEBREIRO

NORMATIVA E MANUAIS PARA CREAR AS SOLICITUDES

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opcións descritas a continuación. Dende o seguinte enlace: www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/

1. Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá seleccionar a opción de menú "**Solicitudes --> Reserva/Admisión--> Crear**". Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón "Crear e Confirmar". Feito isto poderá descargala para asinar e presentar no centro.

2. Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica:

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave365 ou con certificado dixital, para iso deberá premer na icona verde que se atopa arriba á dereita. Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú "**Solicitudes --> Reserva/Admisión --> Crear**". Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón "Confirmar solicitude" e posteriormente premendo no botón "Firmar e presentar en Sede Electrónica", poderá asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de sinatura remate correctamente. Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar a solicitude.

IMPORTANTE: Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o **anexo dixitalizado (COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR,** última páxina da solicitude que pode visualizar e descargar nesta aplicación).

3. Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro:

Se non desexa cubrir a solicitude dixitalmente pode facelo de xeito manual descargando dende os seguintes enlaces os documentos, cubrilos e presentalos firmados no centro.

DESCARGA DE SOLICITUDES

GALEGO

<https://www.edu.xunta.gal/axudaplicacion/prv/XestionarFicheiro.do?DIALOG-EVENT-descargar& nome=ED550A-G.pdf& carpeta=admisionalumnado& ext=PDF>

CASTELÁN

<https://www.edu.xunta.gal/axudaplicacion/prv/XestionarFicheiro.do?DIALOG-EVENT-descargar& nome=ED550A-C.pdf& carpeta=admisionalumnado& ext=PDF>